# Concello de Lourenzá

## ACTA

| Expediente núm.: | Órgano colexiado: |
|---|---|
| JGL/2019/3 | La Junta de Gobierno Local |

| DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN | |
|---|---|
| **Tipo Convocatoria** | Ordinaria |
| **Data** | 29 de marzo de 2019 |
| **Duración** | Desde as 10:30 ata as 11:45 horas |
| **Lugar** | Despacho da Alcaldía |
| **Presidida por** | Rocío López García |
| **Secretario** | Begoña González Pedregal |

| ASISTENCIA Á SESIÓN | | |
|---|---|---|
| **DNI** | **Nome e Apelidos** | **Asiste** |
| 71865319W | Manuel Arango Ron | SÍ |
| 77593740C | Mercedes Dengra Sixto | SÍ |
| 33803722R | Miguel Castrillón Fernández | SÍ |
| 76580879X | Rocío López García | SÍ |

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

## A) PARTE RESOLUTIVA

### APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 28/02/2019.

**Begoña González Pedregal (1 de 2)**
Secretaria - Interventora
Fecha Firma: 02/04/2019
HASH: f60cf02272b006c4d742299ad98677b948

**Rocío López García (2 para 2)**
Alcaldesa
Data de Sinatura: 02/04/2019
HASH: b080ad9e3af100bdb27d7e952d5bd093

| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Preguntados os membros da Corporación, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular ó borrador da acta da sesión anterior de data vinte e oito de febreiro do dous mil dezanove (28/02/2019), e non habendo nada, o borrador da acta foi aprobado por unanimidade dos presentes.

**Expediente 172/2019. LICENCIA DE ACTIVIDADE D. IVAN MARTÍNEZ IRIMIA**

| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Visto o expediente tramitado a instancia D. IVAN MARTÍNEZ IRIMIA, con D.N.I. num. 34638368T con domicilio en Calvo Sotelo núm. 8, 2º da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, quen solicita a regulamentaria licencia para abrir ao público un establecemento que haberá de dedicarse á actividade de “Guardia y custodia de vehículos en garajes” cuxo local está situado na Parcela núm. 7 do Polígono Industrial de Lourenzá Parroquia de Santa María deste termo municipal.

Cumpridos os trámites esixidos e resultando acreditado o dereito da licencia que se pretende, a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria por unanimidade, ACORDA:

Conceder a licencia que se solicita así como aprobar a liquidación das taxas municipais, que figura no expediente, cuxo importe ascenderá á cantidade de setenta e oito euros con dezaoito céntimos (78,18), que deberá ser ingresada previamente en arcas municipais, sen cuxo requisito a licencia non terá efecto algún.

**Expediente 194/2019. PLAN ÚNICO DA EXMA. DEPUTACIÓN PROVINICAL DE COOPERACION COAS ENTIDADES LOCAIS 2019.**

| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
|---|---|



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

# Concello de Lourenzá

Visto o contido das <u>BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017</u> aprobadas pola Exma. Deputación Provincial e publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm.052 de 02/03/2019.
A Xunta de Goberno Local, visto en votación ordinaria e por unanimidade dos concelleiros presentes na sesión, ACORDOU:
<u>PRIMEIRO.-</u> Participar no PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019 da Deputación de Lugo, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega asignada a este Concello aos seguintes obxectos:

A) INVESTIMENTOS:OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS

| OBRA OU SUBMINISTRO | CUSTO OBRA | APORTACIÓN CONCELLO | APORTACIÓN DEPUTACIÓN |
|---|---|---|---|
| A) MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS: CAMIÑO DE CASTIÑEIRAS VERDES ÁS PANTIGUEIRAS | 150.749,52 | 11.412.77 | 139.336,75 |
| B) ADQUISICIÓN CONTEDORES E SUXEITA CONTEDORES | 9.377,50 | 0,00 | 9.377,50 |
| TOTAL | 160.127,020 | 11.412,77 | 148.714,25 |

B) PROGRAMA SAF

| PROGRAMA SAF | CUSTO PROGRAMA | APORTACIÓN CONCELLO | APORTACIÓN DEPUTACIÓN |
|---|---|---|---|
| PROGRAMA AXUDA NO FOGAR PRESTACIÓN BÁSICA | 32.0000,00 | 10.000,00 | 22.000,00 |
| TOTAL SAF | 32.000,00 | 10.000,00 | 22.000,00 |

*C)PROGRAMA FOMENTO DE EMPREGO*

| *PROGRAMA FOMENTO DE* EMPREGO | CUSTO PROGRAMA | APORTACIÓN CONCELLO | APORTACIÓN DEPUTACIÓN |
|---|---|---|---|
| PROGRAMA FOMENTO DE EMPREGO | 50.000,01 | 0,00 | 50.000,01 |
| TOTAL FOMENTO DE EMPREGO | 50.000,01 | 0,00 | 50.000,01 |

D)PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS:

| PROGRAMA ACTIDADES CULTURAIS | CUSTO PROGRAMA | APORTACIÓN CONCELLO | APORTACIÓN DEPUTACIÓN |
|---|---|---|---|
| 1.-III Xornadas Historia Local | 700,00 | 0,00 | 700,00 |
| 2.- Dinamización Parroquias: Curso manualidades | 2.100,00 | 0,00 | 2.100,00 |
| 3.-Celebración do Maio e III Festa Campesiña | 2.000,00 | 0,00 | 2.000,00 |
| 4.-Certame Teatro Afeccionado | 3.200,00 | 0,00 | 3.200,00 |



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

| | | | |
|---|---|---|---|
| TOTAL PROGRAMA ACTIV. CULTURAIS | 8.000,00 | 0,00 | 8.000,00 |
| PROGRAMA ACTIDADES DEPORTIVAS | | | |
| 1.-IV Gala do Deporte | 881,47 | 0,00 | 881,47 |
| 2.-XXII Dia da Bici 2019 | 150,00 | 0,00 | 150,00 |
| 3.-IX Carreira Val das Fabas 2019 | 800,00 | 0,00 | 800,00 |
| 4.-III Marcha Cicloturista | 2.670,00 | 0,00 | 2.670,00 |
| 5.-III Milla Popular Concello Lourenzá | 1.800,00 | 0,00 | 1.800,00 |
| 6.-II Desafío Tovar-Cadeira | 1.068,53 | 0,00 | 1.068,53 |
| 7.-Actividade física de dinamización nas parroquias | 1.630,00 | 1.000,00 | 630,00 |
| TOTAL PROGRAMA AC. DEPORTIVAS | 9.000,00 | 1.000,00 | 8.000,00 |
| TOTAL ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS | 17.000,00 | 1.000,00 | 16.000,00 |

E)<u>PROGRAMA DE ACTUACIÓNS/ EVENTOS TURÍSTICOS.</u>

| PROGRAMA DE ACTUACIÓNS/EVENTOS TURÍSTICOS | CUSTO PROGRAMA | APORTACIÓN CONCELLO | APORTACIÓN DEPUTACIÓN |
|---|---|---|---|
| XXIX FESTA DA FABA | 25.000,00 | 13.000,00 | 12.000,00 |
| TOTAL EVENTO TURÍSTICO | 25.000,00 | 13.000,00 | 12.000,00 |
| TOTAL PROGRAMAS PLAN ÚNICO | 284.127,03 | 35.412,77 | 248.714,26 |

<u>SEGUNDO.-</u> Aprobar os proxectos das obras e os pregos de subministración incluídos na solicitude de participación e que se relacionan neste anexo:

a)Proxecto Básico e de Execución <u>“MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS CAMIÑO DE CASTIÑEIRAS VERDES ÁS PANTIGUEIRAS”</u> redactado pola arquitecta Dª. Marta Sánchez Seivane, colexiada núm. 2796 do COAG, de data 22/03/2019.

b) Presuposto para a adquisición de vinte (20) suxeita contedores de 800 litros; Dez (10) contedores verdes de 800 litros; Dez(10) contedores 800 litros amarelos, Dous(2) iglús 3m3 para vidro e Un(1) contedor mormedi 3m3 para papel/cartón, cun importe total (IVE incluído)de Nove mil trescentos setenta e sete euros con cincuenta céntimos (9.377,50) e polo tanto non sendo necesario a aprobación de pregos de subministración, ó tratarse dun contrato menor.

<u>TERCEIRO.-</u> Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos.

<u>CUARTO.</u>- Declarar que o Concello ten resolto ou en trámite para conseguilo todo o relacionado coas concesións e autorizacións

administrativas que legalmente sexan necesarias.
CUARTO.- O Concello de Lourenzá comprométese a incluír, no orzamento municipal do 2019, os fondos necesarios para facer fronte ás achegas municipais indicadas con cargo ao Plan Único.
QUINTO.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou entidades privadas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan Único e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións, indícanse e achégase detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma non supera o 100% do custo.
SEXTO.- Autorizar á Deputación de Lugo a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello de Lourenzá está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social así como coa Deputación de Lugo.
SÉTIMO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e os correspondentes expedientes.

**Expediente 522/2018. PROCEDEMENTO CONTRATACION SERVIZOS SOCIAIS.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

À vista das características do contrato que se pretende adxudicar:

| | |
|---|---|
| Tipo de contrato:_ | |
| Obxecto do contrato: SERVIZOS DE AXUDA A DOMICILIO DO CONCELLO DE LOURENZÁ (MODALIDADE DEPENDENCIA FINS DE SEMANA E FESTIVOS, E MODALIDADE DE DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA DE LUNS A VENRES PARA COBERTURA DE VACACIÓNS, BAIXAS, PERMISOS E OUTRAS EVENTUALIDADES DO PERSOAL LABORAL MUNICIPAL), E PROGRAMA DE PALIATIVOS | |
| Procedemento de contratación: aberto | Tipo de Tramitación: urxente |
| Código CPV:85320000-8 | |
| Valor estimado do contrato:309.214,80 | |
| Presuposto base de licitación IVE excluido:206.143,20 Euros. | IVA%:8.245,73€ |
| Presuposto base de licitación IVA incluido:214.388,93 Euros. | |
| Duración de la execución: Dous(2) anos | Duración máxima:Tres(3) anos. |


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Visto a Acta da Mesa de Contratación de data 26/02/2019 coa súa proposta de adxudicación, e examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, por la que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, la Xunta de Goberno Local por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:

PRIMEIRO.- Adxudicar o contrato de prestación dos SERVIZOS DE AXUDA A DOMICILIO DO CONCELLO DE LOURENZÁ (MODALIDADE DEPENDENCIA FINS DE SEMANA E FESTIVOS, E MODALIDADE DE DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA DE LUNS A VENRES PARA COBERTURA DE VACACIÓNS, BAIXAS, PERMISOS E OUTRAS EVENTUALIDADES DO PERSOAL LABORAL MUNICIPAL), E PROGRAMA DE PALIATIVOS A ADXUDICAR POR PROCEDEMENTO ABERTO, nas condicións que figuran na súa oferta e as que se detallan nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas á empresa SERVIZOS SOCIAIS SAN ROQUE, S.L., con CIF. Núm. B-27333160, con domicilio social en Rúa Verxeles núm.20(27850 Viveiro), e na súa representación a D. Jaime Roberto Castelo García, con DNI. Núm. 77595532H.

SEGUNDO.- Son características e vantaxes determinantes de teñan sido seleccionadas as ofertas presentadas polos citados adxudicatarios as seguintes:

| LICITADOR | OFERTA |
|---|---|
| SERVIZOS SOCIAIS SAN ROQUE, S.L., CIF. B-27333160 | 4.920 horas ordinaria 13,95+0,56 IVE: 14,51€/hora.<br>1.800 horas extraordinarias: 17,00+0,68IVE: 17,68 €/hora. |
| | 120 HORAS ORDINARIAS GRATUITAS. |
| | 200 HORAS EXTRAORDINARIAS GRATUITAS. |
| | CHARLA TALLER ANUAL 12 HORAS DURACIÓN. |
| | FISIOTERAPIA: 301 SESIÓNS ANUAIS. |
| | PODOLOXÍA: 301 SESIÓNS ANUAIS. |

As razóns polas que no se admitiron as ofertas dos licitadores excluídos son as seguintes, posto que a cláusula oitava dos Pregos , no seu punto cinco indica que deberá presentarse inescusablemente, sendo causa de exclusión a non presentación, un proxecto técnico no que se reflicta todos o algúns dos seguintes puntos: descrición dos medios técnicos e instalacións de organizacións e coordinación de servizos; proxecto de xestión do servizo e mecanismos de control e calidade; organización de medios persoais.

| | |
|---|---|
| SON A TÚA AXUDA/CIF. B-70398425 | NON PRESENTACIÓN PROXECTO |
| ASANIS GALICIA, S.L. /CIF. B-27499383 | NON PRESENTACIÓN PROXECTO |
| OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, SL/CIF. B70493275 | NON PRESENTACIÓN PROXECTO |

TERCEIRO.- Dispoñer o gasto correspondente con cargo á partida 231.227 do Presuposto de Gastos para o exercicio 2019.

CUARTO.- Publicar anuncio de adxudicación no perfil de contratante no prazo de 15 días.

QUINTO.- Designar como responsable do contrato á traballadora social, Dª. María José García Veiga.

SEXTO.- Notificar a adxudicación ós licitadores que resultaron excluídos do proceso de adxudicación.

SÉTIMO.- Notificar a SERVIZOS SOCIAIS SAN ROQUE, S.L. e na súa representación a D. Jaime Roberto Castelo García, adxudicatario do contrato e con domicilio social en Verxeles núm. 20 (27850 Viveiro), o presente acordo e requirirlle para que presente no prazo de sete (7) días hábiles dende a notificación do presente acordo, a documentación contida na cláusula décimo-sétima dos pregos e que son os seguintes:

a) Documentación xustificativa da súa aptitude para contratar e requisitos de solvencia segundo o previsto na cláusula oitava.

b) Certificación da Axencia Estatal Tributaria, da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e da Tesourería da Seguridade Social de estar ó corrente coas súas obrigacións.

c)Orixinal ou fotocopia compulsada da alta no I.A.E. no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, sempre que exerza actividades suxeitas ao devandito imposto, o último recibo, completado cunha declaración responsable de non darse de baixa na matrícula do citado imposto.

d)A documentación xustificativa de dispoñer efectivamente dos medios que se compromete a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme o artigo 76.2 da Lei de Contrato do Sector Público.

g) Relación nominal do persoal adscrito á prestación do contrato.

h) Póliza de seguro de responsabilidade.

i) Designación da persoa coordinadora do servizo e documentación xustificativa da súa situación.

j) Documentación xustificativa de ter constituído a garantía definitiva do 5% do importe de adxudicación, que ascende a Dez mil trescentos vinte euros con trinta e tres céntimos (10.320,33.-), o ascender á adxudicación a Douscentos seis mil catrocentos euros con setenta e dous céntimos (206.406,72.-).

OITAVO.- Facultar á Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García,


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

para a sinatura  co contrato, unha vez sexa presentada polo adxudicatario toda a documentación enumerada no punto anterior.

NOVENO.- Publicar anuncio de formalización do contrato no Perfil do contratante nun prazo non superior a quince días tras a perfección do contrato e co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

DÉCIMO.- Comunicar *ó Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

**PROXECTO PLAN CONCERTADO 2019 (SOLICITUDE).**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Primeiramente informouse , ó igual que nos anos anteriores, do contido do Decreto 99/2012 publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 63 de 30/03/12 e unha vez que á Xunta de Goberno Local tivo coñecemento do contido do mesmo así como das Memorias presentadas pola Traballadora Social nas que se fai referencia ás necesidades e ós gastos que se prevén para o presente exercicio 2019 tanto no que se refire ós servizos de Atención Primaria como ós servizos especializados, en votación ordinaria, e por unanimidade dos concelleiros presentes na sesión, ACORDOU:

PRIMEIRO.- Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar, ó abeiro do Decreto 99/2012 de 16 de marzo (DOG. núm.63 de 30/03/12) as seguintes axudas para os servizos sociais comunitarios para o exercicio 2019:

*PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPALES 2019*

| | *APORTACIÓN MUNICIPAL* | *CANTIDAD SOLICITADA XUNTA* | *REMANENTE* | *PRESUPUESTO TOTAL* |
|---|---|---|---|---|
| TRABALLADORA SOCIAL | 11.185,00 | 16.815,00 | 0,00 | 28.000,00 |
| EDUCADORA FAMILIAR | 15.500,00 | 0,00- | 0,00 | 15.500,00 |
| TOTAL PERSOAL | 26.685,00 | 16.815,00 | | 43.500,00 |
| MANTEMENTO | 120,00 | 480,00 | 0,00 | 600,00 |
| AXUDA DOMICILIO PRESTACIÓN BÁSICA | 32.000,00 | 0,00 | 0,00 | 32.000,00 |
| AXUDA DOMICILIO DEPENDENCIA | 40.000,00 | 150.505,20 | 0,00 | 190.505,20 |
| TOTAL AXUDA DOMICILIO | 72.000,00 | 150.505,20 | 0,00 | 222.505,20 |
| PUNTO ATENCION INFANCIA | 50.000,00 | 25.000,00 | 0,00 | 75.500,00 |
| CENTRO SOCIAL TORREÓN | 12.500,00 | 0,00 | 0,00 | 12.500,00 |
| CENTRO DE DÍA | 15.000,00 | 0,00 | 0,00 | 15.000,00 |
| XANTAR NA CASA | 1.500,00 | 0,00 | 0,00 | 1.5000,00 |
| TELEASISTENCIA DOMICILIO | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| TOTAL PROGRAMAS | 79.000,00 | 25.000,00 | 0,00 | 104.000,00 |
| TOTALES PROXECTO | 177.805,00 | 192.800,20 | 0,00 | 370.605,20 |

SEGUNDO.- Solicitar, en todo caso, á Consellería de Traballo e Benestar a prórroga para continuar coa prestación dos servizos nas mesmas condicións que no ano anterior a fin de garantir a non supresión



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

dos programas e a prestación dos servizos sociais ó longo de todo o ano sen interrupcións, segundo o disposto no artigo sexto da Orde citada.

TERCEIRO.- Comprometerse, igualmente e no caso de que se conceda a subvención, ó cumprimento das obrigacións contidas no artigo cincuenta y catro do Decreto 99/2012 xa citado.

CUARTO.- Facultar a Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García, para a sinatura dos documentos e para a realización dos trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

| **Expediente 840/2018. PROPOSTA ALCALDÍA PARA MODIFICACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO COA PROTECTORA DE ANIMAIS VALADOURO-ALFOZ.** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Neste punto do orde do día e unha vez que os concelleiros coñeceron o contido da proposta da Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal ACORDOU aprobar a proposta da Alcaldía para a modificación do Convenio de colaboración subscrito coa Asociación Protectora de Animais Valadouro-Alfoz, nos termos nos que está redactada e que son os seguintes:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA.-Sendo necesario unha modificación do Convenio de Colaboración subscrito entre o Concello e a Asociación Protectora de Animais Valadouro-Alfoz en data 29/11/2018 xa que houbo que facer varios cambios en canto ós gastos subvencionables, a periodicidade dos pagos e os seus requisitos para facelos efectivos así como outras pequenas modificacións para unha maior claridade e especificidade no seu contido e así esta Alcaldía propón a Xunta de Goberno Local á adopción dos seguintes acordos de modificación no citado Convenio:

PRIMEIRO.- A modificación do punto segundo da exposición de motivos que quedaría redactado da forma que se transcribe a continuación e desaparecerían os puntos expositivos terceiro e carto, a saber:

*"SEGUNDO.- O Concello de LOURENZÁ está interesado en resolver o problema da recollida de animais de compañía abandonados ou extraviados no termo municipal, en condicións de seguridade para os veciños, de respecto e protección para os animais, todo nos termos legalmente recollidos.*

*A Asociación Protectora de animais Valadouro Alfoz, esta legalmente*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

*constituída e inscrita no rexistro municipal de asociacións de .................. e no rexistro de núcleos zoolóxicos da Xunta, esta interesada en colaborar có Concello de LOURENZÁ, ós efectos de resolver o problema de forma satisfactoria, e conforme os seus estatutos encóntrase a protección, salvagarda e protección para asegurar unhas condicións de existencia digna dos animais."*

SEGUNDO.- Modificar a cláusula primeira do Convenio, ampliándose o seu contido e quedando redactada de maneira que onde dicía:

*"PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO.*

*O obxecto do presente convenio é fixar as bases de colaboración entre o Concello de LOURENZÁ e a ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS VALADOURO - ALFOZ, para a recollido, traslado e mantemento dos animais de compañía extraviados ou abandonados no termino municipal de LOURENZÁ para o período 2018, establecendo a través do seu clausurado o marco de colaboración."*

Deberá dicir:

*"PRIMEIRO: Resulta de interese para ambas partes establecer as bases dunha colaboración có fin de procurar un mecanismo, ao obxecto de conxugar os intereses municipais de protección e defensa dos animais de compañía que se encontren en estado de abandono ou extraviados. Acordando autorizar a Asociación Protectora Valadouro Alfoz a desenrolar a actividade de recollida e transporte en colaboración, vía convenio, co Concello de LOURENZÁ.*

*A Asociación Protectora de animais Valadouro Alfoz comprométese no tempo de duración deste convenio, que será dun (1) ANO, á recollida dos animais domésticos abandonados e/ou extraviados, que se teñan noticia, ben por aviso do concello, dos veciños ou demais terceiros e sempre que estean dentro do termo municipal.*

*Os medios persoais e materiais necesarios para proceder a recollida dos animais serán por conta a Asociación Protectora Valadouro-Alfoz, sen que o Concello teña ningún tipo de relación laboral coas persoas encargadas de tales cometidos, ni responsabilidade algunha por razón da súa actuación. Dita Asociación comprométese á recollida de animais domésticos abandonados e/ou extraviados ao seu risco e ventura, respectando na prestación de tal actividade as disposicións legais vixentes en cada momento que directa ou indirectamente afecten as actuacións realizadas na execución do presente convenio.*

*O Concello reservase expresamente a facultade de inspección da execución das tarefas de recollida."*

TERCEIRO.- Modificar a cláusula segunda do Convenio e na modificación que se propón abarcará os puntos Segundo, Terceiro e Cuarto do novo Convenio, e así onde dicía:

*"SEGUNDA. -COMPROMISOS DA ASOCIACIÓN.*

*A Asociación se compromete a:*

*a) Presentar balance de gastos xerados periodicamente*

*b) Informes de animais recollidos*

*c) Recollida nun prazo non superior a 24 horas desde a notificación*

*d) Promover as adopcións e acolleitas de animais albergados.*

*e) Levar a cabo a manutención e coidados veterinarios dos animais do centro.*

*f) Albergar no centro por un período máximo de 10 días, tal e como se estipula na lei, os animais extraviados que non presenten microchip.*

*Unha vez que finalice devandito período pasasen a formar parte da asociación.*

*g) A asociación figurará como ENTIDADE COLABORADORA do concello de LOURENZÁ unha vez asinado o Convenio."*

Deberá dicir:

*“SEGUNDO.- Depositarase cada animal recollido no refuxio pertencente a Asociación Protectora de animais Valadouro-Alfoz, recibindo a atención sanitaria que precise e sendo alí aloxado, onde se procurará a adopción nas mellores condicións posibles.*

*Durante o tempo que o animal permaneza no refuxio, correrá a cargo da Asociación Protectora de animais Valadouro-Alfoz o seu mantemento, alimentación, limpeza e asistencia sanitaria procurándose a idoneidade do aloxamento, alimentación e coidado.*

TERCEIRO.- *A Asociación Protectora Valadouro-Alfoz comprométese a abrir e manter un rexistro cuxas fichas constara a identificación do animal recollido e as incidencias que sucedan mentres permaneza no centro: lugar e data de recollida, raza, idade, sexo e outras características individuais, estado e incidencias sanitarias, así como o seu destino final. Facilitarase o acceso a este rexistro a persoa encargada de facer o seguimento do convenio.*

CUARTO.- *A Asociación Protectora de animais Valadouro Alfoz, realizará todas as accións posibles para procurar a adopción dos animais nas mellores condicións posibles.”*

CUARTO.- O contido da cláusula terceira pasaría ó número quinto cambiando o seu contido e onde dicía:

*“TERCEIRA. OBRIGACIÓNS DO CONCELLO.*

*Serán obrigacións do Concello DE LOURENZÁ:*

*a) Ditar bandos informativos.*

*b) Difusión dos animais que se atopan no centro.*

*c) Autorizacións para a recolleita.*

*d) Colaboración nas actividades organizadas pola Asociación.*

*e) Mentres non se recollan os animais será competencia dos concellos responder dos danos ocasionados.*

*f)Autorizar á Asociación protectora de animais Valadouro - Alfoz a desenvolver estas actividades no Concello de Lourenzá.*

*Pola súa parte, o concello de LOURENZÁ comprométese a desenvolver as seguintes actuacións:*

*g) Financiar coa cantidade de TRES MIL (3.000,00) EUROS as actividades previstas no presente convenio con cargo á partida correspondente do orzamento municipal. Adiantarase un 80% da subvención e o resto abonarase ó finalizar o período do convenio e unha vez xustificada a parte adiantada de acordo ao establecido no art. 34.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*Entregar no prazo dun mes dende a firma do convenio á Asociación Protectora de animais de Valadouro-Alfoz, de acordo co establecido no artigo 34.3 da Lei Xeral de Subvencións.*

*Tamén se poderán realizar pagos anticipados que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. “*

Deberá dicir:

*“QUINTO.- En contraprestación a este servizo publico de competencia municipal e ós demais requisitos estipulados no presente convenio, o Concello de LOURENZÁ obrígase reservar nos seus presupostos e con destino a tales servizos a cantidade de TRES MIL ( 3.000,00.-) EUROS anuais. O pago realizarase “cúa trimestralmente” tras a presentación por parte da Asociación Protectora de animais Valadouro Alfoz dunha memoria xustificativa dos servizos prestados así como da correspondente factura cúa trimestral de 1.000 euros (IVE incluído).”*

QUINTO.- A cláusula cuarta do Convenio desaparecería tal e como estaba redactada, e a cláusula quinta, referente á modificación, resolución ou incumprimento do Convenio pasará a ser a cláusula Novena, con apenas modificacións, e onde dicía:

*"CUARTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.*

*Considéranse gastos subvencionables o destinado á execución das actividades da asociación e en concreto:*

*1.- Gastos aproximado e medio do animal que entra no albergue (1° ano):*

| CONCEPTO | EUROS |
|---|---|
| Vacinas e desparasitación | 115,00 + 39,00 = 154,00 |
| Microchip | 23,00 |
| Castración | 150,00 |
| Alimentación anual (100 kg de penso) | 80,00 a 100,00 |

*2.-Outros Gastos relacionados co centro:*

*a) Contrato DDD.*
*b) Recolleita fosa.*
*c) Gasolina.*
*d) Incineración.*
*e) Produtos desinfectantes para o patio e o interior.*
*f) Auga e lixo.*
*g) Seguros asociados ao centro e á tenencia de animais*
*h) Gastos asociados ao vehículo de recolleita de animais de próxima adquisición.*
*i) Gastos de funcionamento*

*O resto dos gastos quedan excluídos dos gastos subvencionables.*

*Este convenio non implica que a asociación impídaselle ser perceptor doutras subvencións.*

*QUINTA.-MODIFICACIÓN, RESOLUCIÓN OU INCUMPRIMENTO DO CONVENIO.*

*Serán causas de resolución do presente Convenio o incumprimento total, parcial ou defectuoso dos seus estipulacións. Ademais, ambas partes resérvanse a facultade de resolver unilateralmente este Convenio en calquera momento como consecuencia da concorrencia de circunstancias excepcionais que impidan o cumprimento dos compromisos adquiridos no mesmo, comunicándoo dentro do prazo de 10 días naturais seguintes á aparición daquelas circunstancias quedando en suspenso cantas actuacións fosen susceptibles de ser paralizadas.*

*En caso de incumprimento das obrigacións previstas neste Convenio, e da resolución anticipada do mesmo, así como os casos previstos no art. 37 da Lei 38/2003 Xeral de subvencións xa citada, requirirase á asociación ou entidade beneficiaria o reintegro das cantidades percibidas e os intereses de demora correspondentes dende o momento do pago da subvencións ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, de acordo co disposto na citada Lei 38/2003, o regulamento 887/2006 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da lei xeral de subvencións e demais normativa vixente."*

Deberá dicir:

*"NOVENO. Serán causas de resolución do presente convenio o incumprimento total, parcial ou defectuoso das estipulacións nel recollidas Ademais, ambas partes resérvanse a facultade de resolver unilateralmente este convenio como consecuencia da concorrencia de circunstancias excepcionais que impidan o cumprimento dos compromisos adquiridos no mesmo, comunicándoo cun mes de antelación dende a aparición daquelas circunstancias quedando en suspenso cantas actuacións foran susceptibles de ser paralizadas.*

*No caso de incumprimento das obrigacións deste convenio, da resolución anticipada, así como os casos previstos no artigo 37 da Lei xeneral de subvencións, requirirase á asociación ou entidade beneficiarias o reintegro das cantidades percibidas hasta a fecha en que se acorda a procedencia do reintegro, de acordo co disposto na propia lei xeneral de subvencións, no regulamento 887/2006 polo que se aproba o regulamento de desenrolo da lei xeral de subvencións e demais normativa vixente, salvo que algunha parte denuncie o convenio cunha antelación mínima dun mes antes da súa expiración.*

*Non obstante, o incumprimento das cláusulas nel previsto faculta á parte*


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

*non responsable a resolver o convenio en calquera momento, prorrateándose ata a data as obrigacións económicas non satisfeitas.*

<u>SEXTO.-</u> A cláusula sexta , referente ó seguimento e control, pasaría a ser a cláusula décima no novo convenio modificado sen apenas modificacións, e onde dicía:

*"<u>SEXTA. SEGUIMENTO E CONTROL.</u>*

*Constituirase unha comisión de seguimento do presente convenio que asegure o bo desenvolvemento do mesmo. A citada comisión estará constituída pola Alcaldesa e por un representante da ASOCIACIÓN DE ANIMAIS VALADOURO -ALFOZ. Dita Comisión reunirase cada seis meses nun lugar determinado de común acordo.*

<u>Deberá dicir:</u>

*"<u>DÉCIMO.</u>- Nomearase unha comisión de seguimento do presente convenio que asegure o bo desenrolo do mesmo. A citada comisión estará constituída pola Alcaldía ou persoa en quen delegue e por un representante da Asociación de animais Valadouro Alfoz que haberán de reunirse periodicamente nas datas e lugares determinados de común acordo."*

<u>SÉTIMO.-</u> A cláusula sétima, referente ó período de vixencia, pasa a ser a cláusula sexta cunha pequena modificación e onde dicía:

"<u>SÉTIMA.- PERÍODO DE VIXENCIA</u>.

A duración do presente convenio será dun(1) ano a contar dende a sinatura do mesmo."

<u>Deberá dicir:</u>

*"<u>SEXTO.</u> O presente convenio terá unha vixencia dun ano, con efectos dende a firma, e se prorrogara automaticamente por anualidades cun máximo de dúas prorrogas.*

<u>OITAVO.-</u> A cláusula oitava pasaría a ser no convenio modificado a cláusula undécima, facendo referencia á natureza xurídica e onde dí:

*"<u>OITAVO. NATUREZA XURÍDICA.</u>*

*Este convenio ten natureza administrativa. Para o non previsto neste convenio será de aplicación a Lei Xeral de Subvencións así como a demais normativa sectorial vixente no momento."*

<u>Deberá decir:</u>

*"<u>UNDÉCIMO.</u> Este convenio terá natureza administrativa. Para o non previsto neste convenio, será de aplicación a lei xeral de subvencións, a lei 40 /2015 do réxime xurídico das administracións públicas, de 15 de outubro, e demais normativa sectorial vixente no momento."*

<u>NOVENO.-</u> Desaparecería a cláusula novena, referente á entrada en vigor posto que xa se conta coa autorización da Xunta de Galicia, e por outro lado, engadesen os puntos sétimo e oitavo, sendo do seguinte tenor literal:

*"<u>SÉTIMO.-</u> Mentres o convenio estea en vigor, a Asociación Protectora de animais Valadouro Alfoz, poñerá a disposición do Concello de LOURENZÁ un número de teléfono de contacto para cumprir os fins do Convenio.*

*<u>OITAVO.-</u> A Asociación Protectora de animais Valadouro Alfoz, presentara ao largo do mes de Xaneiro de cada exercicio económico unha memoria do traballo desenrolado ao largo do ano anterior, como requisito necesario para o cobro da axuda establecida no convenio. En dita memoria especificarase o numero de animais recollidos."*

Non obstante a Xunta de Goberno Local acordará o que estime



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

pertinente, en Lourenzá a vinte e seis de marzo do dous mil dezanove.".

En consecuencia, o TEXTO DEFINITIVO do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LOURENZÁ E A ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS VALADOURO-ALFOZ, sería o que se transcribe a continuación:

*"Na casa consistorial do Concello de LOURENZÁ, a .... de marzo do 2019.*

*COMPARECEN*

*Dunha parte Dona Lucia López Tallón, con DNI 76581018-B en calidade de presidenta da Asociación Protectora de Animais Valadouro Alfoz, con CIF G27447663, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións de Galicia có número 2013/017739-1 e inscrita no Rexistro Galego de Asociacións para a Protección e Defensa dos animais de compañía có número LU-007-AP*

*Doutra parte, Dª. Rocío López García, con DNI. Núm.76580879-X , como Alcaldesa-Presidenta do Concello de LOURENZÁ( Lugo), en virtude do nomeamento en sesión ordinaria celebrado no concello en Pleno o dia 13/06/2015, facultada para a firma do presente convenio por acordo da Xunta de Goberno Local de 29 de marzo do dous mil dezanove,*

*EXPOÑEN*

*PRIMEIRO. De acordo co disposto na Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia, no seu art. 6 as competencias das administracións en materia de protección animal, atribuíndo as persoas titulares das alcaldías dos concellos de Galicia a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais incluídos no ámbito de aplicación da presente lei no seu termo municipal.*

*De acordo co art. 22 da lei 4/2017 de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia dispón:*

*1. Os Concellos recollerán os animais domésticos vagabundos e extraviados que deambulen polo seu termo municipal e os albergarán en centros de recollida de animais abandonados inscritos no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos ata que sexan retirados polos seus propietarios ou propietarias, sexan acollidos temporalmente ou adoptados, ou se lles de outro destino autorizado segundo os supostos establecidos na presente lei.*

*2. Os Concellos poderán prestar o servicio de recollida e acollida por si mesmos ou asociados, en réxime de xestión directa ou indirecta. Así mesmo, poderán subscribir convenios de colaboración nesta materia con outras administracións públicas e entidades, como as asociacións de protección e defensa dos animais.*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

*3. Os Concellos poderán recoller e acoller animais a solicitude das persoas propietarias, previa xustificación por parte destas da imposibilidade da asunción das obrigacións da presente lei.*

*SEGUNDO. O Concello de LOURENZÁ está interesado en resolver o problema da recollida de animais de compañía abandonados ou extraviados no termo municipal, en condicións de seguridade para os veciños, de respecto e protección para os animais, todo nos termos legalmente recollidos.*

